

FOLGA XERAL

Paro de 2 horas, día 10 de abril
Non á Guerra ¡Nunca Máis!

A pretensión de Bush de se apropiar pola forza do control das reservas petrolíferas de Iraq, demostra a todos os países soberanos que os Estados Unidos é quen impón as regras do xogo e que os intereses da súa burguesía son incontestábeis; é a única razón pola que se ataca e ocupa Iraq. Unha invasión que está causando centos de mortos e milleiros de feridos, e que esmaga o dereito internacional e a vontade popular.

Toda esta situación é arrepiante, noxenta, co agravante de que se acusa a vítima, do espólio e da agresión, de ser a culpábel do ataque polo "crime" de se defender. Abraia o silencio cómplice das Nacións Unidas, e a preocupación exclusiva das potencias díscolas para que a guerra remate axiña e poder participar na reconstrución de Iraq. Apresentando deste xeito cinicamente (todos eles) o negocio como unha tarefa humanitaria, unha actitude solidaria que esqueceron durante unha década de bloqueo.

A agresión dos Estados Unidos e os seus aliados, entre eles e con total submisión o Goberno Español (PP), afortala o militarismo en todo o mundo, e impón a política da forza sobre o dereito, a solidariedade e a xustiza. A conclusión lóxica é que cumpre contar con armas de destrución masiva para garantir a soberanía dun estado-nación; ou sexa: un paso atrás.

Nengun pobo ou persoa, asalariado, autónomo ou pequeno empresario, fica á marxe deste conflito e dos que haxa no futuro por idéntico motivo, xa que está en xogo cal vai ser o modelo económico e social en todo o mundo. Polo tanto: en Galiza, no noso centro de traballo, na escola, etc., para derrotar o imperialismo, para mudar a situación ié fundamental! iurxente! amosar a oposición masiva da cidadanía e, sobre todo: a mobilización e protesta da xente en todas as súas formas.

Os galegos e galegas durante os últimos dous anos estivemos na primeira liña da loita por un mundo mellor, e máis recentemente na defensa das nosas costas e sectores produtivos e na denuncia da negligencia diante do desastre do "Prestige" do Goberno central e do autonómico. Un conflito que non rematou, e no que continuamos exixindo responsabilidades e solucións.

Porque entendemos que o que acontece nos atinxe a todos e todas é polo que a Confederación Intersindical Galega convoca xunto coa UGT a un paro de 2 horas a todos os traballadores e traballadoras de Galiza o vindeiro día 10 de abril, xoves.

En solidariedade co pobo iraquí !!!

Pola Paz e a Xustiza !!!

Polo dereito á autodeterminación dos povos !!!

Non ao imperialismo !!!



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com